

Actualidade da empresa

Éxito de participación no I Foro Transfronteirizo de Biotecnoloxía e Emprendemento



No boletín anterior informabámosvos da convocatoria para o 29 de xuño deste I Foro Transfronteirizo. Tratábase da primeira actividade do proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal **Bioemprende**. E agora tócanos celebrar o **moi considerable éxito da convocatoria**: máis de 250 participantes entre pemes, investigadores, axentes de apoio e emprendedores, o dobre dos previstos. Un éxito que pon de manifesto o interese e a necesidade deste tipo de encontros que abren na eurorexión interesantes posibilidades de colaboración e oportunidades de negocio nas catro áreas de traballo que se abordaron: saúde, acuicultura, agroalimentación e ambiente. O foro foi ademais unha inmejorable oportunidade para analizar a situación do sector e coñecer os recursos de financiamento para iniciativas biotecnolóxicas. Se non puidestes participar, aínda estás a tempo de ler as intervencións foro na páxina web do Programa Bioemprende.

Máis información: <http://www.bioemprende.eu>

Abre as portas o novo servizo de apoio a autónomos de Bic Galicia



Boas novas para os autónomos. Como xa adiantamos no noso boletín de abril, Bic Galicia acaba de pór en marcha un interesante servizo de apoio aos autónomos moi demandado polas principais organizacións profesionais. O novo servizo pretende cubrir as necesidades de asesoramento, formación e información do colectivo. Trátase de dotar aos autónomos das ferramentas e coñecementos precisos para que desenvolvan o seu labor nas mellores condicións.

Máis información: <http://www.autonomosgalicia.org>

Xornada de lanzamento do Proxecto de Cooperación para a Innovación Empresarial Internacional

O pasado 22 de xuño presentouse en Santiago o Proxecto de Cooperación para a Innovación Empresarial Internacional, que busca fomentar a participación de empresas galegas en programas de cooperación tecnolóxica internacional.

Neste programa participan trece pequenas e medianas empresas galegas dos sectores tecnolóxico e informático, pesca, enerxías renovables, náutico, enxeñaría e biomecánica, ás que Bic Galicia lles proporcionará servizos avanzados de apoio técnico e consultoría. O equipo do proxecto elaborará uns perfís técnicos nos que se recollerán as capacidades industriais das empresas e os seus intereses en materia de I+D+i. Estes materiais reuniranse nun catálogo conxunto e publicaranse nunha web coa intención de difundir en toda Europa a oferta tecnolóxica e industrial das empresas implicadas, especialmente nos centros tecnolóxicos cuxas liñas de investigación coinciden coas das empresas galegas. Ao mesmo tempo, os participantes visitarán algúns destes centros para reforzar relacións. O programa, promovido e dirixido por Bic Galicia, está cofinanciado polo IGAPE, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Unión Europea a través do Programa Innoempresa.



Máis información: 981 546828

Axenda

Seminarios de Mellora Competitiva

Co obxectivo de prestar o maior apoio posible ás empresas, autónomos e profesionais galegos, Bic Galicia pon en marcha os seminarios de mellora competitiva para micropemes, pequeno comercio e hostalería, que se realizarán en diferentes localidades de toda Galicia. Se queres darlle un impulso ao teu negocio, non perdas esta ocasión de porche ao día.

Máis información e inscrición: www.bicgalicia.es/agenda

Novo Taller de Mellora Competitiva

Os vindeiros 11, 18 e 25 de setembro e 2 de outubro celébrase unha nova quenda dos Talleres de Mellora Competitiva organizados por Bic Galicia e Feuga, desta volta co tema **Implantación de Sistemas de Dirección por Implicación**. O horario e o local de celebración aínda está por confirmar, pero xa podedes ir apuntándoos.

Teléfono de contacto e inscrición: 981 534 180 ext 128

Máis información: <http://talleremc.bicgalicia.es/>

Experiencias de mentoring

YANIRE BRAÑA

Directora de MET, Mujer, Empresa y Tecnología



Actualmente directora del programa MET y responsable de comunicación interna del BID (Banco Interamericano de Desarrollo), Yanire Braña ha sido manager del Área de Estrategia y Desarrollo Corporativo del Grupo Banco Popular hasta 2007. Su experiencia laboral está muy vinculada al mundo académico y de la consultoría.

Actualmente directora del programa MET y responsable de comunicación interna del BID (Banco Interamericano de Desarrollo), Yanire Braña ha sido manager del Área de Estrategia y Desarrollo Corporativo del Grupo Banco Popular hasta 2007. Su experiencia laboral está muy vinculada al mundo académico y de la consultoría.

Comecemos, se lle parece, situándonos: que é o Programa MET e cales son as súas características?

É unha iniciativa enfocada a mulleres de alto potencial que busca impulsar a súa capacidade de liderado tanto mediante actividades académicas como de *network* e comunicación. Todo apoiándose na experiencia de mentores e o uso e adopción de tecnoloxías.

Podería comentarnos cando e como naceu este proxecto?

Naceu fai algo máis de tres anos como un programa de mentoring para mulleres beneficiarias dunha bolsa LiderA da Comunidade de Madrid. En outubro de 2007, o IE Business School e BlackBerry lanzaron oficialmente a 1ª edición do Programa MET, baseado na diversidade e a innovación.

Un dos alicerces do programa MET é o apoio na experiencia de mentores. Como se xestou a idea deste servizo?

A relación entre unha persoa con experiencia e vontade de compartila de modo altruísta cun pupilo existe desde os inicios da civilización humana, baixo diferentes símbolos culturais. O mentor é un dos máis utilizados. O Programa MET inclúe un proceso formal de mentoring e procura o establecemento de alianzas con redes de profesionais de recoñecido prestixio coas que organizamos de forma periódica actividades e encontros. Entre todas elas, destacaría a EPWN (European Professional Women's Network) que conta tamén cun programa de multimentoring para mulleres profesionais.

A quen vai dirixido o servizo? En que consiste? Cal é a súa duración?

A mulleres de alto potencial que están cursando un programa de posgrao no IE Business School. Durante o curso participan nun conxunto de actividades académicas, de formación e de *network* dirixidas a fomentar o desenvolvemento de habilidades baseándose no uso das tecnoloxías. Ao mesmo tempo, benefíciense individualmente do programa de mentoring.

Ofrézanos, se é tan amable, uns cantos datos. Desde a creación do servizo de mentores, cantas emprendedoras foron mentorizadas?, de cantos mentores dispón?

En cada unha das promocións contamos cunhas 40 "mentees", o que supón máis de 120 nos últimos 3 anos. Delas, un terzo

teñen unha idea ou un proxecto para emprender. A rede de mentores é bastante ampla, uns 80 na actualidade, pero destacaría a figura da "alumni mentor" ou irmá maior, alumnas do Instituto de Empresa que foron mentees e desexan devolver o apoio recibido colaborando e apoiando ás novas mentees.

Son unha muller emprendedora beneficiaria dunha bolsa LiderA da Comunidade de Madrid e necesito un mentor que me bote unha man. Que hei de facer?

En primeiro lugar, pedimos un exercicio de reflexión individual: ¿estás disposta a asumir riscos? Se é así, tes perfil emprendedor. Para poder asignarche un mentor necesitamos a máxima información posible sobre o teu perfil, experiencia e natureza do proxecto concreto. O proceso de asignación mentor-mentee é bastante complexo, canta máis información dispoñamos máis posibilidades de éxito teremos.

Como elixen vostedes aos seus mentores?

Os mentores MET son profesionais que veñen avalados por unha longa e exitosa carreira profesional. Seleccionámoslos tendo en conta a experiencia profesional, as calidades persoais e o grao de compromiso.

Cal foi a evolución do servizo dende a súa creación? Que resultados obtivéronse?

Na actualidade contamos cunha rede de máis de 400 profesionais de diferentes áreas e sectores que, a través do intercambio de experiencias e coñecementos, axudaron de forma directa a máis de 120 mulleres de alto potencial a desenvolver a súa carreira profesional. Moitas delas puxeron en práctica os seus negocios propios; outras, grazas ao apoio dos seus mentores, cambiaron de rumbo profesional ou asumiron nas súas empresas posicións de maior responsabilidade ou máis acordes coas súas preferencias.

Para terminar, cales son as súas previsións de futuro?

Iniciativas como o Programa MET son hoxe en día imprescindibles. O próximo reto estará en ser capaces de establecer sinerxías e lazos sólidos entre profesionais doutros países e contornas culturais que acheguen unha visión máis internacional. Nun mercado cada vez máis internacional, debemos ser capaces de adaptarnos con éxito.

AVISO

En agosto estaremos ausentes por vacacións, ¡pero volvemos en setembro!

MÁIS INFORMACIÓN

Teléfono: 981 646 823 - Fax: 981 546 832
www.redementores.com - info@redementores.com

IGAPE - BIC Galicia - XesGalicia

Barrio de San Lázaro 63A
15703 Santiago de Compostela



IGAPE
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

